

1. Documentación que debería entregar para formalizar o proceso de admisión:

- a. Documento para a solicitude de admisión (anexo II).
- b. Fotocopia do DNI dos proxenitores.
- c. Fotocopia do DNI do/a alumno/a.
- d. Orixinal e fotocopias de todas as páxinas do libro de familia.
- e. Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- f. De ser o caso, o xustificante que acredite os requisitos académicos necesarios en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.

Se o/a alumno/a procede doutro centro da Comunidade Autónoma de Galicia, informe AL997 de certificación de matrícula expedido pola secretaría do centro de orixe.

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- i. DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
- ii. Domicilio fiscal.
- iii. Renda anual per cápita da unidade familiar.
- iv. Condición de familia numerosa.
- v. Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

A solicitude deberá ser asinada pola proxenitora, proxenitor ou representantes legais do alumno/a. No caso de separación ou divorcio, os dous proxenitores ou titores asinarán a presente solicitude, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para a súa comprobación polo centro educativo. **Recomendamos, seguindo instrucións, que os dous proxenitores asinen a solicitude.**